

Bamonde Merece Máis!



Gonzalo Suárez,
Candidato de Bamonde

Eloi Devesa,
Candidato á Alcaldía

BAMONDE

O que urxe facer...

O concello de Teo sofre hoxe moitas eivas e problemáticas derivadas dun crecemento urbanístico desordenado e deshumanizado. Esta situación, unida á falta de proxectos globais que involucren a veciñanza asentadas nas zonas rurais, son causa importante do freo ao progreso integral de Teo.

*Ante esta situación, desde o BNG queremos **implementar unha serie de políticas activas de dinamización que consideramos esenciais para rachar cos nosos males endémicos e cohesionar as distintas parroquias nun único ente que sexa reflexo da súa pluralidade.** Estas medidas están recollidas no noso programa marco para Teo.*

O noso contrato con Teo é plural e debe ter en conta as necesidades específicas das distintas parroquias para non deixar a ninguén atrás.

Porque Teo merece máis, en BAMONDE

- ▶ Trataremos de solucionar os problemas de comunicación co resto do concello e con Compostela, pois non hai liñas de buses que pasen por Bamonde.
- ▶ Trataremos de mellorar e implementar a conexión a internet en toda a parroquia con especial atención onde non ten fibra óptica.
- ▶ Loitaremos polo remate da concentración parcelaria de monte xa iniciada.
- ▶ Loitaremos e colaboraremos na recuperación e potenciación do entroido tradicional.
- ▶ Trataremos de mellorar a seguridade viaria con sendas ou beirarrúas seguras desde Lamas e Tribaldes á Igrexa.
- ▶ Poremos en valor o tramo antigo do camiño francés (antiga vía XIX romana a Lugo).
- ▶ Recuperaremos os regos dos muíños antigos.
- ▶ Faremos un mantemento efectivo da reitoral.

Máis Concellos BNG!



- ▶ Loitaremos contra os continuos cortes de luz e as subas de tensión que afectan á zona.
- ▶ Investiremos na posta en valor da aldea de Tribaldes, en Bamonde, pois é un conxunto tradicional cun grao de protección ambiental e ten a consideración de ben catalogado. Para manter esta condición faise imprescindible:
 - ▶ pavimentar con materiais duradeiros recuperando as cotas orixinarias na corredeira e o eirado; pavimentar o carreiro entre valos conservando as súas particularidades;
 - ▶ soterrar os cableados;
 - ▶ canalizar as augas pluviais e de rega;
 - ▶ consolidar e reparar fontes, regos e corgos de rega; manter en perfecto estado os camiños.
 - ▶ Desafectar a Ponte do Recobio e reparar a pontella contigua.

Con esas propostas queremos dar **#unpasoadiante para que Bamonde avance** con Teo.



UN
NOVO TEO

PARROQUIA
A PARROQUIA

BAMONDE